

ESPECIAL M. A. GALICIA HOXE  
- EL URBED GALLEGO




# Día Mundial do Medio Ambiente

EXUNO 2007 GALICIA  
ONXSE HOXE

No ano 1992 a Unión Europea decidiu crear a Rede Natura 2000, para promover a conservación dos espazos naturais máis singulares do continente. Pasaron quince anos desde aquela, e na actualidade, o 12,4% do territorio galego está incluído na Rede. Isto representa uns 3.667 cuiómetros cadrados, unha superficie considerable, sobre todo tendo en conta as características particulares da nosa comunidade, como a dispersión da poboación, pero o caso é que a porcentaxe é maior noutras autonomía do estado español. Ademais tamén é conveniente sinalar que no contorno europeo, a media de superficie de Rede Natura por territorio sitúase arredor do 15%.

**Obxectivo 20%**

Agora, entre este ano e o vindeiro, coa proposta de ampliación elaborada pola Consellería de Medio Ambiente, a través da dirección xeral de Conservación da Natureza, Galicia quedará no 20%, é dicir, entre as comunidades españolas con maior porcentaxe de superficie protexida. Fai que, e destacar que a Consellería acostoa por unha declaración dialogada e acordada dos espazos



coa aprobación do Consello da Xunta, e despois diso envíasele ao Ministerio de Medio Ambiente. Este supervísaa e remítele á Comisión Europea, que delega na Axencia Europea do Medio Ambiente o exame dos documentos presentados. Finalmente esta axencia emite un ditame e comúncalo á Comisión. Ó cabo, pois, chega a aprobación definitiva, e dende ese momento a Administración dispón de seis anos para crear os instrumentos de xestión que correspondan e declarar as zonas de especial conservación.

**Investimentos para conservación da Natureza**

Con respecto á Rede Natura, hai que dicir tamén que neste ano 2007, a Consellería de Medio Ambiente, fará un importante investimento para conservación do medio, de preto de dous millóns e medio de euros (exactamente 2.486.986 €). Son dúas as liñas de axudas, e ambas foron convocadas por a dirección

xebral de Conservación da Natureza, destinándose por unha banda a melloras nos Parques Naturais, e por outra ós concellos que teñen parte do seu territorio incluído na Rede Natura 2000.

**Axudas ós concellos**

Concretamente, as axudas os concellos supoñen un investimento de case un millón de euros que se reparten entre municipios das catro provincias, tocos eles incluídos na Rede Natura. Entre as accións previstas atópanse a sinalización de rutas de sendeirismo, a instalación de paneis informativos, a edición de trípticos, a realización de cursos e xornadas informativas ou a elaboración de estudos técnicos.

**Nos parques naturais**

E no que respecta ás actuacións de recuperación e de mellora do medio nos Parques Naturais o investimento da Consellería de Medio Ambiente alcanza a 1,4 millóns de euros.

A Consellería de Medio Ambiente destina preto de 2,5 millóns de euros para axudas ós concellos con parte do seu territorio incluído nesta rede, ou ben para mellorar e manter os parques naturais

CONSERVACIÓN


# Preparados para facer a ampliación da Rede Natura 2000

da Rede Natura, non efectuada por decreto, e particularmente no caso dos parques naturais. Para iso procura obter o apoio dos concellos e das asociacións de veciños, e mantén reunións de traballo para informar ou escoitar as partes implicadas.

**Ampliación da Rede**

Esta é unha das etapas de elaboración da proposta, por que o certo é que o proceso para a ampliación da Rede é moi laborioso, e debe pasar por varias fases: a primeira é a de elaboración da proposta por parte da Consellería de Medio Ambiente aberta, como se dixo á participación dos concellos e dos veciños, pero coa asesoría sobre todo de expertos do tema, como biólogos e xéneros de especialistas en conservación da natureza. A segunda etapa é a elaboración da proposta definitiva, que se fará en breve. Tamén se debe





A finais do mes de marzo presentouse o anteproxecto do edificio que acollerá o Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia, un inmoble singular no cal se investirán seis millóns de euros.

#### En Ourense

Este centro situarase na cidade de Ourense, no contorno do Miño e preto da cidade, baraliándose actualmente as localizacións de Outariz, Ciria ou Velle. Isto converterá Ourense no centro neuráxico da natureza en Galicia, pero cómore sinalar que a elección desta cidade para situar o devandito centro non foi azarosa. Non en van Ourense é a provincia galega cun maior número de parques naturais, exactamente a metade dos que ten a comunidade (Invernadoiro, Xurés e Lastra), ós que haberá que engadirle dentro de pouco outros dous, os de Pena Trevinca e o Macizo Central. Ademais, coa autovía das Rías Baixas e a futura estación

do AVE, Ourense será a principal porta de entrada a Galicia dende o resto de España, e seguramente os ecoturistas agradecerán a información que se lles facilite neste centro sobre o maior tesouro da nosa terra, ou sexa, a riqueza e diversidade natural.

#### Ecoturismo

Porque, neste sentido, o centro tamén servirá para promocionar o chamado "turismo verde", un sector en alza dende hai uns anos, pero que nos vindeiros probablemente acadará aínda maior relevancia. De feito cóntase con atraer cada ano a máis de 100.000 visitantes, que é a previsión que manexa a consellería atendendo ó fluxo de visitantes que teñen outros centros similares no resto de España. Este é un dos motivos polos cales Manuel Vázquez, conselleiro de Medio Ambiente, considera este proxecto un dos máis destacados do departamento que dirixe. As obras comezarán a finais deste mesmo

ano ou, como moi tarde, a principios de 2008, co cal ceberán estar rematadas no primeiro trimestre do 2009.


#### Simbiose arquitectónica

Outro aspecto salientable deste novo Centro é que está deseñado como unha icona arquitectónica, como un espazo singular e simbólico que compilará toda a riqueza dos ecosistemas dos nosos parques naturais. Ademais será cento por cento sostible, xa que incorpora criterios de eficiencia enerxética, de consumo de auga, de emprego de materiais e incluso quedará prevista a súa demolición nun futuro para que os seus elementos poidan ser reciclados ou reempregados totalmente. O edificio do Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia ocupará unha extensión de 2.380 metros cadrados, dentro dun terreo duns 8.000 metros cadrados, pois é un edificio que non ten caras ocultas, deseñado como un referente visual e no que a luminosidade resulta esencial, tanto de día como de noite. Segundo o anteproxecto, en cada unha das salas que contén o edificio, e tamén ó longo dos seus corredores e espazos abertos, dispoñeráse todo tipo de información

O edificio que albergará o centro construírse con criterios de desenvolvemento sostible, como por exemplo o aforro no consumo de enerxía e auga e tamén o respecto polo contorno

## En marcha o Centro de Interpretación dos Parques Naturais

INFORMACIÓN



gráfica e interactiva sobre cada un dos seis parques naturais galegos, ós que pronto haberá que sumar catro máis.


#### Viaxe virtual

Así, o centro transformarase nunha auténtica viaxe pola natureza galega: a Serra da Enciña da Lastra, enclave mediterráneo único en Galicia; a Serra do Xurés coas súas paisaxes de glaciares hoxe desaparecidos; a flora das Fragas do Eume; as aguías dos Montes do Invernadoiro; os ecosistemas do litoral en Corrubedo, na confluencia ca terra e o mar, ou o contacto coa natureza no Monte Aloia. En definitiva, con esta sede, a Consellería de Medio Ambiente pretende a educación e concienciación ambiental da cidadanía galega e daqueles que visitan o noso país, amosándolles os singulares valores dos espazos máis senlleiros da natureza galega.

# Axiña serán sete os monumentos naturais de Galicia

Un monumento natural é unha figura legal creada para outorgarlle proteccións a elementos de singular valor paisaxístico xeolóxico, histórico ou mesmo simbólico, pero que poden encontrarse illados nun contorno que carece de igual interese. Ata o ano 2005 en Galicia había declaracións deste tipo: a Praia das Catedrais, coñecida polcs arcos de pedra que a erosión formou nesta parte do litoral de Ribadeo; a Costa de Dexo, en Oleiros, pola súa combinación de elementos xeolóxicos, faunísticos e florísticos; a Fraga de Catasós ou Carballeira de Quiroga, en Lalín, polos seus exemplares de carballos e castañeiros, dos mellores de toda Europa; o Souto da Retorta ou de Chavín, co seu eucalipto de máis de sesenta metros, e o Souto de Rozabales en Marzareda, co Castiñeiro de Pumbariños como exemplar sobresaliente.

**O sexto monumento**  
Finalmente o 1 de marzo deste ano 2007, a familia dos monumentos naturais galegos medrou coa incorporación da Carballa da Rocha: este singular espécime de carballo, que se localiza no concello de Rairiz de Veiga, ten un toro de 6,90 metros de



do polo Consello da Xunta. A entrada en vigor do decreto supuxo que se lle aplicase a Carballa da Rocha o réxime xurídico dos espazos naturais protexidos, que establece medidas de protección para a zona e a suspensión das actividades que non conten coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**Proximamente, o sétimo monumento**

Por outra parte, o proceso para a declaración de Pena Corneira como monumento natural está moi avanzado, e de feito o 19 de xaneiro publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se abriu o prazo de exposición pública do decreto, co fin de que os interesados poidan presentar as correspondentes alegacións. O conselleiro de Medio Ambiente Manuel Vázquez, considerou moi importante a declaración de Pena Corneira como Monumento Natural, posto que é un símbolo da loita de moitos colectivos eco-

oxistas e ademais representa unha das paisaxes máis importantes para o Ribeiro e todo o interior de Galicia. A serra de Pena Corneira, que se localiza entre os concellos ourensáns de Carballo e Avión, Leiro e Avión, ten unha superficie aproximada de 977 hectáreas, ou sexa, case dez quilómetros cadrados. Basicamente é un macizo granítico caracterizado por unha complexa asociación de formas xeolóxicas que o converte en un espazo singular.

**Árbores senlleiras**

Á parte tamén está perante a resolución do Consello Consultivo de Galicia, para que o Consello da Xunta proceda a a aprobación definitiva do denominado Catálogo de Árbores Senlleiras. No momento presente esta listaxe recolle 108 árbores e 22 familias boscosas que pol súa excepcionalidade merecen un ámbito especial de protección e establecemento de medidas para a súa supervivencia.

No mes de marzo pasado, declarouse a protección legal para a Carballa da Rocha, no concello ourensán de Rairiz de Veiga, e tamén está moi avanzado o proceso para protexer a paisaxe de Pena Corneira

perímetro e 33 metros de alto. Para a súa conservación esténdese a protección legal a un territorio circundante que abarca 0,64 hectáreas. Ademais, cómpre lembrar que esta árbore se atopa nun lugar privilexiado, na conca do río L'mia, preto da antiga lagoa de Antea e próxima ó Lugar de Interese Comunitario Veiga e Fonteliñares.

**Decisión unánime**

O proceso para a declaración desta zona como monumento natural iniciouse no ano pasado, coa petición unánime de todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia. Despois a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente, realizou o plan de conservación e os estudos pertinentes para a elaboración do decreto, que tras cumprir o prazo de exposición pública e alegacións, foi aproba-






O Parque Nacional da Baixa Limia Serra do Xurés converteráse o primeiro espazo natural de Galicia en cortar cun Plan de Desenvolvemento Sostible, que foi presentado o pasado 5 de maio. Búscase mellorar a calidade de vida dos preto de 6.000 habitantes que residen na súa área de influencia, mediante accións concretas para acadar o desenvolvemento económico e social desta zona da provincia de Ourense. O programa foi presentado polo conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez xunto cos directores xerais de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza e Desenvolvemento Sostible, Emilio Fernández, nun acto no que estiveron tamén presentes os alcaldes de Entrín, Ramón Alfonso; Lobos, Benito Vázquez e Muíños, Plácido Álvarez, os tres concellos nos que se integra o parque. Ademais, o parque natural do Xurés, xunto co

Peleda-Gêres uso, recibirá a maior parte dos recursos cortempados para actuacións ambientais no Plan Estratéxico de Cooperación Transfronteiriza Galicia Norte de Portugal 2007-2013.

#### Investimento

Así, dos 36,5 millóns de euros do programa denominado Medio Natural, Patrimonio e Prevención de Riscos, que se dedica a actuacións ambientais, 20 vanse destinar a financiar actuacións en ambos espazos naturais. Ha que dicir tamen que unha das grandes aspiracións deste amplo espazo natural transfronteirizo, e conseguir que a Unesco o declare como Reserva Internacional da Biosfera. Con este obxectivo, os gobernos galego e portugués presentarán conxuntamente a candidatura deste espazo a tal declaración, por parte da Unesco, o próximo ano, coincidindo co sexto Cumio de Reservas da Biosfera que terá lugar en Madrid.



A mediados do mes de maio a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible deu o último paso para que Galicia recupere a Illa de Cortegada. Na azarosa historia desta illa resultou determinante que no 1910 se establecese unha subscripción popular para comprarlle aos seus antigos propietarios e doarlle ó rei Afonso XIII, coa intención de que construíra alí un pazo para as súas vacacións estivais.

destinadas a acadar un estado de conservación favorable dos hábitats e das especies coas que conta a illa de Cortegada, o carácter privado do espazo impide levar a cabo estudos e seguimentos de rexeneración, eliminación de especies invasoras ou tarefas de conservación, a pesar das figuras de protección que implica a declaración da illa como parte integrante do parque nacional. Agora está chegando á súa fin un procedemento iniciado o 4

## Plan para desenvolver a contorna de Baixa Limia e da Serra do Xurés

COOPERACIÓN



## A Illa de Cortegada volverá ser de titularidade pública

RECUPERACIÓN

O caso é que o monarca preferiu pasar os veráns no Palacio de la Magdalena de Santander, aínda que non renunciou á propiedade da illa, que lle legou o seu fillo don Juan. Este vendeuna no ano 1979 a unha sociedade que pretendía urbanizala, proxecto que foi rexeitado polas autoridades, que non podían admitir a destrución do patrimonio natural de Cortegada. Dende entón fracasaron as tentativas de recuperar a illa negociando cos propietarios, e Cortegada seguiu sendo de titularidade privada aínda despois da súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas, no ano 2002.

#### Recuperación da illa

Iso dificultou o cumprimento dos obxectivos contemplados no Plan Director de Parques Nacionais, pois malia que son necesarias accións específicas

de xullo do ano pasado, cando o Goberno autonómico, a instancias da Consellería de Medio Ambiente, aprobou a proposta para a expropiación da illa pola súa destacada importancia natural.

#### Proceso de expropiación

O seguinte paso debe dalo o Xurado de Expropiación de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, que establecerá o xustoprezo da propiedade para que esta poida pasar definitivamente ó patrimonio público. O ditame do Xurado pode ser recorrido, e despois estableceríase unha valoración definitiva. Tras esta resolución final a Consellería de Medio Ambiente aboará a cantidade determinada e quedaría en disposición de ocupar a illa e de devolvellelha dese xeito a todos os galegos e galegas.

### O Día Mundial do Medio Ambiente

(DMMA) foi establecido pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1972, para sinalar a apertura da Conferencia de Estocolmo sobre o Medio Ambiente Humano. A parte, no mesmo día e con outra resolución da Asemblea Xeral, decidiu a creación do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente. Den- DMMA, que ocorre cada 5 de xuño, é unha das principais formas en que Nacións Unidas promove o cidadado medio, chamando a atención da xente do pobo, pero tamén dos líderes políticos dos estados membros.

### Cambio climático e desxeo

Para este ano 2007 o slogan elixido é *Desxeo, un tema candente?* Con isto tamén se busca apoiar a celebración no Ano Polar Internacional, e promover de manifesto os efectos do cambio climático, que se deixan sentir por todo o mundo, pero particularmente sobre os ecosistemas polares e as comunidades que tragicamente viviron naqueles te-


# 5 de Xuño, Día Mundial do Medio Ambiente desde 1972

## CELEBRACIÓN

rtorios. De feito, estudos recentes sinalan que nas últimas décadas o casquete de xeo do océano Glacial Ártico podería desaparecer durante a temporada estival, o cal suporía ademais cambios climáticos a nivel rexional. Por ese motivo, este ano os principais actos do Día Mundial do Medio Ambiente terán lugar en Tromsø, que é unha das cidades máis setentrionais de Noruega e polo mesmo tamén do mundo enteiro.

**Agentes activos**

Nesa localidade norueguesa desenvólveranse unha serie de actos cos que se pretende darlle un rostro humano aos problemas do medio natural, que é unha das preocupacións das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, como tamén o é facer que a xente se




te activo do desenvolvemento sustentable. Dende as Nacións Unidas entenden que as comunidades son fundamentais para cambiar as actitudes cara o medio ambiente, e por iso avogan pola participación colectiva, para que todas as nacións e poboos do mundo poidan gozar dun futuro máis próspero e seguro.

**Atención global**

Como se dixó, o DMMA atrae a atención dos líderes sociais e políticos: uns por exemplo examinan o estado do medio, propoñen solucións, presentan actividades relacionadas coa natureza e difúndenas polos medios de comunicación, e os outros en cambio adoptan métodos de comunicación, e aproveitan esta Festa da Terra para facer a súa chegada particular, asinando ou ratificando tratados medioambientais de ámbito internacional, ou ben promulgando leis relativas á conservación e preservación do medio natural.


**Actividades diversas**

Pero por riba de todo o Día Mundial do Medio Ambiente é un evento por e para a xente, con actividades tan diversas como conferencias e seminarios; debates ou tertulias en radio e televisión; ferias, festivais e "concertos verdes"; desfiles de bicicletas; organización de obradoiros; educación ambiental ou campañas de limpeza; exposicións de arte realizadas con materiais reciclados; colectas a beneficio de proxectos para o medio, ou ben excursións a parques naturais, que probablemente sexa unha das maneiras máis populares de celebrar o tema deste ano e de Tromsø, para concientiar sobre o risco que corren os ecosistemas polares



O tema deste ano é *Desxeo, un tema candente?*, e por iso a ONU celebrará os principais actos desta xornada na cidade norueguesa de Tromsø, para concientiar sobre o risco que corren os ecosistemas polares

## CAMBIA O CLIMA?



A finais do mes de maio celebrouse na cidade de Córdoba o IV Seminario sobre Comunicación, Educación e Participación fronte ó Cambio Climático, xornadas organizadas pola Oficina Española sobre o Cambio Climático, o Centro Nacional de Educación Ambiental e a Junta de Andalucía. Neste encontro analizáronse e debatéronse as estratexias para divulgar os riscos do cambio climático e as iniciativas que permiten facerlle fronte.

### Líderes en educación ambiental

No transcurso deste seminario, o autor e o director do proxecto Climántica, Francisco Sóiñora Luna, expuxo a experiencia deste programa singular e pioneiro no Estado, que tal e como recoñeceu o Ministerio de Medio Ambiente lidera as iniciativas que no eido da divulgación e da formación se están a facer en España. De feito, o Observatorio da Sostibilidade de España tamén recoñeceu que Galicia, xunto con Aragón, Valencia, Illas Baleares e País Vasco, destacan no deseño de accións de loita contra o cambio

climático. Para isto a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible creou un completo programa que busca formar e sensibilizar sobre o cambio climático, amosando as súas evidencias e os seus efectos, e así conseguir que a cidadanía adopte novos comportamentos que condúzan a unha sociedade menos dependente das emisións de CO<sub>2</sub>. Unha das iniciativas participadas deste programa é o proxecto de educación ambiental denominado Climántica, que se puxo en marcha o mes de febreiro pasado.

### Sensibilización dos escolares

Porque a campaña de sensibilización inclúe actuacións distintas en función do sector da poboación ó que vai dirixida: para o público en xeral, nas universidades, e para os escolares, que é o ámbito específico de Climántica, nos niveis de Educación Primaria e Secundaria. O programa contén o to do un daceo didáctico, cas que esta previsto que se desenvolvan este ano as catro primeiras, que levan por título *¿Cambia o clima? Se quemamos quantos? O lixo tamén quenta?* e *Os cambios no clima e os cambios na auga*.

A Consellería expuxo o seu programa de concienciación sobre o cambio climático nun encontro en Andalucía, pero a súa páxina web espalla os contidos por todo o mundo

## O CLIMA NA PAISAXE, NA ORDENACIÓN DO TERRITORIO E NO TURISMO



A través destas unidades informativas dun xeito divulgativo das causas e consecuencias do cambio climático ós alumnos dos institutos. Está previsto que se distribúan 1.500 unidades, en colaboración coa Consellería de Educación, en todos os colexios de Galicia, xunto co DVD que encargou a Consellería de Medio Ambiente sobre o cambio climático, que leva por título 'Cambio Climático. O reto do século XXI'.

### Tamén na internet

Así mesmo, unha páx na web recolle todo o material e constitúe un lugar de debate e participación, no que os cidadáns poden expresar as súas opinións sobre o cambio climático. O portal, é al se pode acceder a través da páxina web da Consellería (<http://medambiente.xunta.es>), dispón de tres áreas: unha que ten un espazo de información xeral e un blog de acceso xeral para a cidadanía e unha parte didáctica, na que os alumnos de Secundaria poden realizar prácticas relacionadas coas unidades.

### Visitas internacionais

E agora é o momento de destacar que nos seus primeiros meses de andadura o portal Climántica xa recibiu varios milleiros de visitas, e non só de Galicia ou de España, se rón tamén do estranxeiro. En abril xa eran máis de 5.000 as visitas, e iso converteu a Cli

# Proxectos de educación ambiental que trascenden as fronteiras

CLIMÁNTICA

mántica nun referente estatal sobre educación ambiental e concretamente sobre o cambio climático de feito, a propia web do Ministerio e outras, como a da Consellería hornií oga de Cantabria, contan co. Unks de acceso á páxina de Climántica. Os contidos poden verse en tres idiomas: galego, español e inglés clave. O seu éxito internacional é consulas dende Galicia representan o 58%, e as que proviñen doutras comunidades españólas supoñen o 29%; iso significa, polo tanto, que o 13% restante corresponde a consulas realizadas dende o estranxeiro. As maiorías das visitas do exterior proceden de Estados Unidos, o Reino Unido, México, Colombia, Venezuela, Argentina, Chile, Perú e por suposto Portugal, pero tamén se rexistran visitas de máis exotras como Corea do Sur, Vietnam, México, etc.

## Iniciativas para salvar as especies máis ameazadas de Galicia

Por este rexistro é algo máis que unha simple listaxe, xa que a catalogación dunha especie implica a elaboración de plans de recuperación ou conservación, das poboacións ameazadas e do seu medio natural, e son estas medidas as que posibilitarán a pervivencia desta parte insubstituíble do noso patrimonio natural.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible promoveu a creación dun catálogo das especies en perigo, actuación que o Consello da Xunta aprobou no pasado mes de abril.

A mediados do mes de abril o consello da Xunta aprobou o decreto mediante o cal se creaba o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; o seu obxectivo é a preservación e a conservación das especies da fauna e da flora de Galicia que se atopan en perigo de extinción ou ben aquelas que están nunha situación de vulnerabilidade. Actualmente 195 especies están incluídas neste inventario, que se materializa nun rexistro nun tomo para cada categoría e que se completa cun arquivo, no que quedarán os documentos técnicos que acompañaron o expediente de catalogación, así como a actualización dos mesmos, no seu caso. A categoría de *especie en perigo de extinción* está reservada a aquelas poboacións cuxa supervivencia está ameazada nas condicións actuais, e inclúe 49 especies de flora e 25 de fauna (8 de invertebrados, e 17 de vertebrados, entre eles 13 aves e 1 mamífero). A contía restante corresponde á categoría de vulnerables, especies que de momento corren un risco menor, pero que poderían pasar á seguinte categoría se o seu hábitat continúa deteriorándose. Pe-

### 'Emys orbicularis' (Sapoconcho común)

A distribución desta especie na Península Ibérica é discontinua e fragmentada, sendo rara en Galicia, onde só se confirmou a existencia dalgunhas pequenas poboacións en enclaves illados do sur de Pontevedra e Ourense. Ocupa masas de auga doce con pouca ou nula corrente, con abundante vexetación acuática nas ribeiras. Descoñécese o número total de individuos presentes en Galicia, aínda que se presume reducido. As principais ameazas de conservación son a alteración dos hábitats acuáticos, a captura de exemplares das poboacións naturais e a depredación e competencia que exercen dúas especies introducidas en Galicia, o sapoconcho de Florida e a perca americana.




### 'Aquila chrysaetos' (Aguia real)

Especie asociada a hábitats rupícolas, atópase en declive en toda a cordilleira Cantábrica. En Galicia preséntase só nas serras surorientais, especialmente na provincia de Ourense, onde selecciona rexións montañosas con paisaxes abertas. Son menos de 10 as parellas reprodutoras. Aliméntase de pequenos mamíferos, aves e réptiles. As principais ameazas de conservación son a persecución directa (disparo, cebos envelenados, expolio de niños, etc.), as molestias e a perda de hábitat favorable.



### 'Tetrao urogallus cantabricus' (Pita do monte)

As poboacións desta subespecie, que sofren un declive continuado durante as últimas décadas, atópanse só nos ecosistemas forestais montanos da cordilleira Cantábrica. En Galicia aparecen exclusivamente nos montes dos Ancares, onde a poboación reprodutora se atopa practicamente extinguida. Habita fundamentalmente bosques mixtos de árbores caducifolias con copas abertas, con abundantes arandeiras no sotobosque. As principais ameazas para a conservación desta especie en Galicia son a fragmentación e deterioro do hábitat, as molestias humanas nas áreas de reprodución e descanso e a depredación e competencia con outras especies silvestres.



### 'Ursus arctos' (Oso)

Mamífero cunha área de distribución en Europa principalmente no leste do continente, presenta poboacións reducidas e illadas nalgúns países occidentais (Francia, Italia e España). En Galicia distribúese exclusivamente nas serras orientais, que parecen recibir ocasionalmente exemplares do principal núcleo poboacional da cordilleira Cantábrica. O hábitat do oso nestas serras é o bosque caducifolio mixto, con ampla cobertura vexetal e xeralmente en zonas escarpadas e inaccesibles. As principais ameazas de conservación para a especie en Galicia son a morte directa (lazos, veneno, furtivismo, etc.) e a alteración do hábitat (lumes, construción de infraestruturas, etc.). Galicia conta cun Plan de Recuperación do Oso desde o ano 1992 que trata de asegurar melloras no hábitat dispoñible para a especie na nosa comunidade e a supervivencia dos exemplares que se achegan a Galicia.



### 'Uria aalge' (Arao)

Unha das aves mariñas máis abundantes do planeta, na península Ibérica só nidifica en Galicia. Para isto emprega repisas en cantís rocosos e furnas na Costa da Morte, aínda que a finais do século pasado tamén nidificou nas illas Cíes e Ons ou en Estaca de Bares. Fortemente ligada ás augas mariñas, onde pasa gran parte do tempo descansando e na procura de alimento (peixes peláxicos). Se ben é frecuente observar araos en augas galegas durante o inverno, estes proceden fundamentalmente de colonias de reprodución británicas e francesas. Na actualidade sobreviven só 2-4 parellas reprodutoras, e non máis de 20 individuos durante a época de reprodución en Galicia, ameazados fundamentalmente pola mortalidade en artes de pesca e a contaminación mariña (especialmente as verteduras de petróleo). A caza abusiva xogou un papel importante no descenso das súas poboacións a finais do século pasado.